

# JSON da Lista de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para a lista de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia con ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/listaEstacionsMeteo.action>

Este JSON permite coñecer a lista de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia que actualmente están en servizo. Ademais do nome da estación e o seu identificador, móstrase o nome do concello e a provincia, a súa posición xeorreferenciada (latitude e lonxitude) e as súas coordenadas UTM.

Para ver máis información sobre a Rede de estacións meteorolóxicas consulte a páxina web:

[http://www.meteogalicia.gal/observacion/estacions/estacions.action?request\\_locale=gl](http://www.meteogalicia.gal/observacion/estacions/estacions.action?request_locale=gl)

## 1 Introducción formato JSON

O formato JSON <sup>1</sup>(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

## 2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listaEstacionsMeteo* cuxo valor está formado por un lista de elementos que identifican cada unha das estacións. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

**altitude:** Altitude da estación, expresada en metros.

**concello:** Nome do concello donde se atopa a estación.

**estacion:** Nome da estación.

**idEstacion:** identificador numérico único da estación.

**lat / lon:** latitude e lonxitude WG84 respectivamente donde se atopa a estación.

**provincia:** provincia galega donde se encontra a estación.

**utm<sub>x</sub> / utm<sub>y</sub>:** lonxitude (UTMX-29T ETRS89) e latitude (UTMY-29T ETRS89) respectivamente donde se atopa a estación.

---

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>